

## ANUNCIO

O Concello A Lama esta levando a cabo, ao abeiro de: **1º**.- Plan de Obras e Servizos (PLAN CONCELLOS) 2020 e, **2º**.- Orde do 26 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2020 e 2021 das axudas a investimentos non produtivos vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) Galicia 2014-2020, a seguinte actuación:

- “Sinalización e mellora de sendeiro no Lugar do Toxal, na serra do Cando” tramitada mediante Contrato Menor de Obras e adxudicada por medio de Resolución de Alcaldía nº 2020 - 0687 de 11 de novembro de 2020, á empresa “CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ, S.L.”, por importe de 13.347,11 € e 2.802,89 € de IVE (Exp.: 401/2020)

Esta actuación ten por obxecto a mellora da paisaxe agraria e desenvolvemento de usos creativos, así como, a preservación dos hábitats, ecosistemas naturais e seminaturais, por medio, entre outros da:

- 1º. Sinalización do sendeiro con paneis informativos que mostren a riqueza da fauna e flora da zona, así como sitios de interese dentro do espazo ZEC Serra do Cando.
- 2º. Mellora da senda coa retirada da capa de lama e de pequenas pedras que fan que a senda sexa impracticable
- 3º. Recuperación e posta en valor dun conxunto fonte-lavadoiro e do seu respectivo canal de auga existente na zona, así como a súa sinalización.

A Lama, na data que figura na marxe.  
O Alcalde,  
Jorge Canda Martínez

